



M^a DOMINGA BRION SANMIGUEL, Concelleira-voceira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude diante do Pleno da Corporación Municipal, en relación coa EDAR de Ribeira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É unha vella demanda do BNG, e para nós algo prioritario, que Ribeira conte co necesario saneamento integral das súas augas residuais. Agora ben, tamén entendemos que non se pode facer de calquera xeito, senón respectando e potenciando toda a riqueza do seu entorno.

Tivemos coñecemento pola prensa que a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas non ten previsto facer a depuradora para os residuos do Polígono de Xarás. Isto entra en contradición co compromiso acadado polo Alcalde tanto en Pleno como en Xunta de Portavoces, tal como se recolle na acta do día 25-03-2010: ***“O Sr. Alcalde asegura que a solución dos vertidos urbanos irá de forma paralela á solución e confirmación da depuración industrial”***.

Se a Xunta mantén esta postura contraria ao que afirmou o Alcalde no seu día, convén que, tanto el mesmo como todo o goberno do PP de Ribeira no seu conxunto, nos aclaren que solución pensan adoptar para que a depuración dos verquidos urbanos vaia ***“de forma paralela á solución e confirmación da depuración industrial”***, tal como se comprometeu o Alcalde na Xunta de Portavoces de 25-03-2010, a insistencia desta Portavoz. En todo caso, agardamos que fagan valer o acordo acadado por unanimidade no **Pleno do 30 de xullo do 2007**, que foi o seguinte:

1. Que o proxecto da EDAR de Ribeira se someta aos trámites de Avaliación de Impacto Ambiental e de Avaliación Estratéxica da Sostibilidade.
2. **Que se solicite da Xunta de Galicia unha depuradora específica para o Polígono Industrial de Xarás.**
3. Que o emisario se prolongue até augas profundas oceánicas, onde se asegure o mínimo impacto e unha rápida dilución e difusión no medio receptor, despois de escoitar ao sector extractivo da zona.
4. Que o incremento na intensidade de uso do espazo destinado á planta depuradora vaia acompañado das preceptivas medidas compensatorias.

Se todos os Grupos Municipais fomos capaces de chegar a este acordo de mínimos, non se entendería agora posturas contrarias por parte do goberno local e autonómico. Non podemos esquecer a privilexiada situación xeográfica do noso concello: a carón da Ría da Arousa, unha das máis produtivas do mundo, e dunha área costeira de grande riqueza pesqueira e marisqueira; formando parte do Parque Nacional da Illas Atlánticas, e contando no seu ámbito co Parque Natural máis visitado de Galiza e cunha ampla área de Rede Natura. Estamos falando, pois, dun espazo dos máis singulares de Europa, que conta cun alto grao de protección, polo tanto, todas as medidas que se adopten para non poñer en perigo toda esta riqueza son poucas.

Por estas razóns o Grupo Municipal do BNG

SOLICITA:

1. **Que a necesaria e urxente depuración das augas residuais se faga con todas as garantías e que se respecte o acordo de mínimos unanimemente acadado por todos os Grupos Municipais no Pleno do 30 de xullo de 2007.**

Ribeira, 10 de xuño de 2010

Asdo.: M^a Dominga Brión Sanmiguel

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA